

Dossier do Obradoiro de *Escrita Dramática*

-Achegamento á dramaturxia-

A dramaturxia é a arte da reprodución e representación da acción en escena. A través do texto (palabras e movementos) deseñamos mundos e xeramos situacións coas diversas ferramentas da escrita dramática: personaxes, tempos e espazos, conflitos, estruturas, temáticas e obxectivos.

Este obradoiro ofértase a todas aquelas persoas interesadas no teatro – profesionais ou non– e, máis concretamente, na escrita dramática. Desde unha formulación eminentemente práctica, coñeceremos e traballaremos na aula con todos os elementos necesarios para a elaboración dunha composición dramática.

O obxectivo principal deste curso é desenvolver e potenciar as habilidades creativas das persoas participantes, dotándoas de todas as ferramentas necesarias para o entendemento e comprensión da dramaturxia e orientándoas na creación das súas propias escenas.

CONTIDOS

A metodoloxía das aulas combinará breves explicacións teóricas coa lectura e análise de textos dramáticos, así como exercicios prácticos de escrita e composición que permitan afianzar os contidos e desenvolver o estilo das participantes.

A DRAMATURXIA: ARTE E OFICIO

- Definición do termo
- A escrita dramática fronte á épica e á lírica
- Funcións na dramaturxia: dramaturga/o e dramaturxista
- Mímese / Diéxese

ESCRIBIR TEATRO: AS FERRAMENTAS DO DRAMA

- Trama de accións

- O personaxe dramático
- Tempo e espazo
- Estrutura (interna e externa)
- Oralidade escénica: monólogo, soliloquio, diálogo
- Didascalias e acotacións
- Xéneros dramáticos

ESTRUTURA DRAMÁTICA: COMPOSICIÓN E RITMO

- Estrutura aristotélica
- Estrutura drama contemporáneo

OUTRAS DRAMATURXIAS

- Escrita do performativo: a partitura escénica
- Tipoloxías: posdrama, teatro danza, performance, *landscapes*

OBXECTIVOS

- DEFINIR e TRABALLAR o concepto dramaturxia
- COÑECER as ferramentas do drama
- EXPERIMENTAR coa escrita
- ATOPAR e DEFINIR o que e o como das historias
- CREAR mundos de ficción
- ESCRIBIR escenas breves

TEXTOS QUE SE TRABALLARÁN NA AULA (*fragmentos achegados polo docente*)

- *Memoria do incendio*, Vanesa Sotelo. DIFUSORA, 2012.
- *Despois das ondas*, Ernesto Is. DEPUTACIÓN DA CORUÑA, 2018.
- *Lonxe (Far Away)*, Caryl Churchill. GALAXIA, 2010.



- *Furiosa Escandinavia*, Antonio Rojano. EDICIONES ANTÍGONA, 2017.

[Antes do inicio do curso é recomendable, mais non obrigatorio, ler a peza *Litoral*, de Wajdi Mouawad (KRK Ediciones, 2010)].

PARTICIPANTES

- Persoas vencelladas ás artes escénicas –con e sen experiencia– ou apaixonadas da escrita e da creación de historias.